

MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE



Save the Children



DOSSIER

Esta guía didáctica pretende amosar a importancia de ter acceso a auga limpa para a supervivencia infantil, a vulnerabilidade que provoca a falta deste recurso e como Save the Children traballa para atallar as consecuencias desta situación.

Tanto o dosier coma as actividades completan o labor dos docentes e achéganlles distintas realidades sobre as que apoian o seu traballo en valores como a solidariedade, a cooperación, o respecto e a responsabilidade.

Dirección:
Marisol Paniagua


Colaboración:
M^a Luisa Ortega del Val
María Cimadevilla
Silvia Lara
Juan Guilló

Foto de portada:
Stuart Sia / Save the Children

Arte e maquetación:
Germán Gullón (VALBHY)

Edita:
Save the Children España

Depósito legal:
M-6192-2017



Ter acceso á auga é un Dereito Humano fundamental que millóns de persoas no continente africano non teñen garantido.



Foto: Zacharias Abubeker/Save the Children

A AUGA, RECURSO NECESARIO

O planeta está cuberto en tres cuartas partes de auga, maiormente salgada con apenas o 2,5% de auga doce. Para vivir e evolucionar precisamos de auga doce. Mais tamén ten que cumprir unha serie de condicións: **ser líquida, limpa e doada de obter.**

É por iso que as persoas intercedemos no ciclo da auga mediante a construción de infraestruturas destinadas a recoller a auga dispoñíbel na natureza e tratala para o seu consumo.

Mais o acceso á auga non é igual en todas partes. En moitos lugares do mundo, como acontece nalgúns países do continente africano, resulta moi difícil conseguir auga limpa e potábel. Alí, a auga que consomen non é da calidade su ciente, polo que a poboación, en especial os máis pequenos, son susceptíbeis a sufrir problemas graves de saúde.

O ACCESO Á AUGA, UN DEREITO HUMANO

Hai máis de 60 anos, segundo a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o acceso á auga potábel e saneamento constitúe un dereito humano fundamental. Porén, hoxe en día isto semella ser apenas palabras, xa que millóns de persoas no mundo non teñen acceso á auga potábel e carecen dos saneamentos básicos.

A falta de auga non é o principal problema, senón a falta de acceso que sofre parte das poboacións máis desfavorecidas. Esta falta está ligada á falta de inversións en infraestruturas, o aumento da poboación e o aumento no consumo de auga diario. De continuarmos a este ritmo, dúas de cada tres persoas vivirán con carencia de auga no ano 2025.

O problema é tan grave que nas Nacións Unidas decidiron crear un día que tivese como n concienciar ás persoas sobre a importancia da auga para os seres do planeta: **o 22 de marzo, Día Internacional da Auga.** Un día para que os gobernos, as ONGs, as empresas e a sociedade civil aglutinen esforzos e participen na protección deste recurso e para que as persoas reixionen sobre os problemas no subministro de auga potábel.

A AUGA EN ÁFRICA

Os recursos hídricos están moi dispersos no continente africano. Namentres algúns países dispoñen dun subministro hídrico relativamente estábel, outros, como os da zona do Corno de África, carecen fortemente del. A isto cómpre engadir que a maioría de países carecen de recursos para desenvolver infraestruturas coas que facer fronte ás secas periódicas e para distribuír auga a todos os núcleos dunha poboación fortemente rural e moi espaxada.

Unha consecuencia directa da falta de infraestruturas é que tres de cada catro africanos empregan auga subterránea como fonte básica de auga potábel, o que implica que o acceso sexa máis complexo. Ademais, a calidade das augas subterráneas é moi variábel.

Nos países subsaharianos, a auga adoita ter arsénico e uranos e, se a isto lle engadimos a contaminación derivada de residuos industriais e agrícolas coma pesticidas ou fertilizantes, achámonos ante unha dobre di cultade: acceso difícil e custoso e auga contaminada ou de pouca calidade para ser consumida.


Estas di cultades contribúen a enraizar o problema e a perpetuar a pobreza:



A xestión deficiente das augas residuais.



O consumo de augas subterráneas e de baixa calidade



A contaminación, favorecida pola falta de control administrativo

OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO E O FENÓMENO DE EL NIÑO

O cambio climático é a variación global do clima na Terra, provocado pola intervención humana e o modelo de evolución vixente. Este cambio leva a variacións nas temperaturas, precipitacións e outras variacións climatolóxicas. Con forte impacto nas condicións de vida humana así coma nos ecosistemas, as especies animais e vexetais son máis vulnerábeis e, no caso das comunidades máis empobrecidas, esta vulnerabilidade agudízase aínda máis.

Os fenómenos climatolóxicos coma El Niño di cultan aínda máis o acceso á auga, non só para beber, mais tamén para consumo agrícola e gandeiro, principal fonte de ingresos das familias nos países máis pobres.

QUE É O FENÓMENO DE EL NIÑO?

Poderíamos describilo como un fenómeno que agora mesmo, paradoxicamente, é unha ameaza global para aqueles dos que colle o nome.

El Niño orixínase a partires dun quecemento do Océano Pacífico que ocorre cada 3 ou 7 anos. Por mor desta masa de auga quente, os ventos alisios debilítanse ou mudan de dirección. Como resultado deste cambio de correntes no aire e no mar, libérase calor á atmosfera e cambian as condicións climatolóxicas en todo o mundo. Nalgunhas áreas aumentan as precipitacións, mentres que noutras diminúen, coas conseguintes enchentes e secas. Coas temperaturas pasa o mesmo, nalgúns lugares son máis altas e noutros máis baixas.

Os efectos deste fenómeno, polo xeral, son débiles, mais cada certo tempo resultan ser devastadores, tal e como acontece neste momento.



AS CONSECUENCIAS DO FENÓMENO DE EL NIÑO

El Niño provoca **secas**. A falta de choivas fai que os campos sequen e os animais morran, coa consecuente falta de alimentos e medios básicos para as familias. Moitas familias vense obrigadas a vender as súas últimas posesións para poder comer ata que de nitivamente quedan sen nada. Neste proceso, moitos cativos e cativas vense obrigados a abandonar a escola para traballar en traballos perigosos. Ademais, neste contexto os gastos en saúde redúcense ou mesmo elimínanse.

Tamén **as enchentes** son unha das consecuencias máis perigosas do fenómeno El Niño. Ademais do perigo real de morrer afogado, as enchentes contaminan as fontes de auga, e doenzas coma o cólera ou a febre tifoidea poden ser devastadoras.

Ora polo efecto das secas ora polo das enchentes, as familias teñen que fuxir dos seus fogares na procura de alimentos, auga ou traballo. Este éxodo fai que moitas persoas deixen de ter acceso ó sistema sanitario ou aloxamento, e que a vulnerabilidade sexa máis patente.

Calcúlase que no este de África 22 millóns de persoas estarán en risco de padecer inseguridade alimentaria, é dicir, con problemas para conseguir alimentos básicos. Etiopía, Somalia, Eritrea e Sudán do Sur son algúns dos países máis afectados. Lugares onde a pobreza é crónica e onde os cativos e cativas son os máis vulnerábeis.

COMO LLE AFECTA Á INFANCIA A FALTA DE ACCESO Á AUGA POTÁBEL?

A falta de acceso á auga ten consecuencias inmediatas e futuras para os menores que afectan a:

- **A saúde:** A diarrea por beber auga en mal estado é unha das principais causas de mortalidade infantil nos menores de cinco anos, ademais da desnutrición agravada por consumir esta auga. Hai outras doenzas de orixe infeccioso relacionadas coa insalubridade das augas estancas e abundan os casos de malaria ou dengue.
- **A educación:** A falta de auga nos momentos de maior seca provoca o peche temporal de escolas e que os cativos e as cativas abandonen as clases.
- **O xénero:** A vida das mulleres e das cativas vese especialmente afectada pola falta de acceso á auga potábel e ó saneamento, xa que adoitan ser elas as encargadas de ir buscala. O 71% do traballo que implica ir buscar auga recae nas cativas e as mulleres. Moitas camiñan varios quilómetros para ir en busca da auga, unha media de catro horas diarias, o que a converte nunha das principais causas do absentismo escolar, e máis no caso das nenas. As nenas perden o seu dereito á educación, a mellor ferramenta para saír da situación de pobreza.
- **A protección:** O feito de que as nais teñan que recorrer distancias longas fai que durante ese tempo deixen de coidar ós seus fillos e os deixen nunha situación de desprotección e perigo.

A auga, símbolo de vida e purificación en moitas culturas, **onvértese en doenza e morte para gran parte da poboación.**



Asegurar o acceso a auga potábel e un saneamento axeitado non só asegura que os menores poidan beber auga ou lavarse, **tamén permite que sobrevivan, aprendan e estean protexidos.**

OS EFECTOS DA SECA EN ETIOPÍA, UN DOS PAÍSES MÁIS AFECTADOS POR EL NIÑO

Preto de 5 millóns de cativos e cativas están en risco de padecer fame como consecuencia dunha das peores crises alimentarias en Etiopía provocada por unha seca que afectou ás rexións xeralmente máis verdes e produtivas.

350.000 cativos e cativas xa sofren desnutrición severa, unha doenza que, de non ser tratada, podería provocar atrasos no crecemento, tanto a nivel físico como mental e, no peor dos casos, a morte.

A seca deste ano, provocada principalmente por El Niño, afectou directamente a 8,2 millóns de etíopes nunha zona cunha extensión semellante á do Reino Unido. A seca fixo que familias enteiras perdesen as súas fontes de ingreso e o subministro de alimentos e, sen elas, as vidas de millóns de persoas, en particular as dos cativos e cativas, perigan.

Os grandes avances acadados en seguridade alimentaria, educación e saúde ao longo dos anos que levamos traballando neste país están en perigo.

A RESPONSTA DE SAVE THE CHILDREN EN ETIOPÍA

En Save the Children **estamos traballando en máis do 70% dos distritos afectados**. Que xa esteamos a traballar in situ dámos a posibilidade de identi car e actuar nos lugares máis vulnerábeis, axudando ás comunidades a protexer aos cativos e cativas dalgúns dos peores efectos de El Niño.

Ocupámonos do **subministro de alimentos, auga, medicinas e axuda que precisan as familias** que perderon os seus ingresos. Algo tan sinxelo como mellorar o acceso á auga e ao saneamento (dándolles bidóns de auga, xabón, construíndo latrinas ou mediante cursos de formación) fai que salvemos moitas vidas. Estamos axudando a construír ribeiras para evitarmos enchentes, **rehabilitando e distribuindo alimentación** que contribúa a manter san o gando.

Tamén estamos a formar traballadores sanitarios na comunidade para que poidan tratar a desnutrición e que deriven a centros de estabilización aos menores máis afectados.

Rehabilitamos escolas e facemos que lles chegue a auga e o saneamento, o que permite que os cativos e cativas, que tamén reciben materiais educativos, permanezan escolarizados.

Temos preparados refuxios prontos por se as familias tivesen que abandonar os seus fogares. Tratamos de darlle o noso apoio ás familias que o perderon todo e que non dispoñen de su cientes medios de vida mediante o programa **“cartos por traballo”**.

ACTIVIDADES

DÍA DO LIBRO

2017 “Dereito á
auga: unha pegada
imprescindíbel”

Desde Save the Children acompañamos o Día do Libro como data significativa e didáctica na educación. Facemos protagonista á comunidade educativa de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para que se unan á construción dun mundo máis xusto. O material didáctico proposto achega a valores de xustiza, dignidade e respecto e apoiámonos no mellor transmisor de valores e mensaxes: “o libro”. A imaxinación e a fantasía acubíllanse no mundo dos cativos, cativas, mozas, mozos e adultos para favoreceren a participación polo dereito á auga para todos e a sustentabilidade do mundo que nos rodea.

Os obxectivos

- Acompañar o Día do Libro como protagonista cara un mundo máis xusto e sostíbel.
- Ligar a comunidade educativa no Día do Libro a valores de xustiza, dignidade e respecto polos dereitos humanos e dereitos específicos da infancia.
- Favorecer a participación e a corresponsabilidade a prol do acceso a auga limpa e o saneamento para todos.

Os contidos

- O conto e o libro
- Dereito á auga e o seu consumo responsábel
- Dereitos humanos e dereitos específicos da infancia
- Desenvolvemento sostíbel e humano

As competencias

- Expresión oral, corporal e artística
- Percepción e descubrimento
- Escoita e empatía
- Creatividade e imaxinación
- Análise e reflexión
- Traballo en grupo e acordo
- Relacionar, deducir e razoar
- Negociación e cooperación
- Responsabilidade individual e colectiva

Para deseñar as actividades tívose en conta unha metodoloxía baseada en favorecer:

- O proceso de percepción, descubrimento e comprensión a través dos libros e contos.
- O proceso de análise, reflexión e comprensión a través do traballo individual e de grupo.
- O proceso de participación individual e colectiva a través de técnicas de expresión creativa (murais, mensaxes, poesías, marcapáxinas...) a prol do dereito á auga para todos.



50 min.

“ALGO... MOI, MOI IMPORTANTE”

3-6 anos

PROPOÑÉMOSTE

Darlles pistas aos alumnos e alumnas para que busquen as personaxes dos contos, que teñen unha mensaxe moi importante: “A auga é imprescindible para a vida”. E a través da voz, a entoación, o xesto e a acción de grupo, facer aliados os contos e as súas personaxes sobre a importancia da auga.

PRECISAS

- Contos de 3 a 6 anos
- Cámara de fotos
- Marcapáxinas
- Rotuladores de cores
- Pinturas de cores para deixar pegadas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Escoitar pistas (5 min.)

O mestre ou mestra reúne o grupo nun espazo cómodo onde escoitarán as seguintes pistas para buscaren as personaxes nos contos:

“A auga é imprescindible para a vida” (ler con voz rouca)

Dixo unha personaxe con voz rouca

“A auga é imprescindible para a vida” (ler con alegría)

Dixo unha personaxe cun sorriso

“A auga é imprescindible para a vida” (ler coma se tiveses a boca chea)

Dixo unha personaxe coa boca chea



Buscar a personaxe nos contos (10 min.)

“*Quen podería dicir algo tan importante?... busquémolos entre os contos...*”. O mestre ou mestra organizou os contos na aula, e pídelle aos cativos e cativas que busquen as personaxes que poidesen dicir algo tan importante... “a auga é imprescindible para vivir”. Cando un cativo ou cativa identifique algunha personaxe, o mestre reafirmará a elección e quedará co conto para reunir e presentar as personaxes elixidas.

Poñerlle voz á personaxe (10 min.)

“*Preparados, listos, xa... como di a nosa personaxe algo tan importante?, que voz ten?, que volume dá?*”... Realizamos unha rolda de cativos e cativas voluntarios/as, onde cada personaxe di “a auga é imprescindible para a vida”.

As personaxes actúan (10 min.)

Cativos e cativas, todos xuntos ou de xeito individual, practican diferentes entoacións e sensacións coa mensaxe: “a auga é imprescindible para a vida” (soprando cara o vento, co pescozo estirado imitando unha xirafa, con moito frío porque caemos no río, suave para que escorra, baixiño imitando unha formiga, forte para que o escoite todo o mundo, despaciño imitando un avoíño, coma un maior para un pequecho, apretadiño con amor para dar calor...). Facémolles unha foto a todas as personaxes dos contos dicindo xuntos “a auga é imprescindible para a vida”.

Decoramos xuntos os marcapáxinas (15 min.)

O mestre ou mestra reparte marcapáxinas onde previamente escribiu a frase “a auga é imprescindible” con rotuladores de cores. Nenas e nenos decoran os marcapáxinas e deixan pegadas de cores nunha frase tan importante.

SUXERENCIAS

Durante a semana, a mestra ou mestre pídelle ás nenas, nenos e familias que leven contos da casa. A actividade pode realizarse en dúas sesións se a mestra ou mestre o ve oportuno.

PREGUNTA AO ACABAR

Que significa “*imprescindible*”? Entón, todo o mundo debe de ter auga?

“A MARIONETA NICOLETA: A AUGA É TAN IMPORTANTE COMA...”

6-9 anos



50 min.

PROPOÑÉMOSTE

Facerlles pensar aos teus alumnos coa axuda dos contos e a Marioneta “Nicoleta” sobre o máis importante na súa vida. Estas cuestións tan importantes... son tan importantes coma a auga. Cativos e cativas déixano reflectido nas actuacións con “Nicoleta” e nos marcapáxinas que farán.

PRECISAS

- Construír unha marioneta que se chame “Nicoleta”
- Marcapáxinas
- Follas
- Lapiseiros
- Gravadora de vídeo
- Pinturas e/ou rotuladores de cores para decorar e deixar pegadas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Presentar “A Marioneta Nicoleta” e a súa mensaxe (10 min.)

“Nicoleta” é unha marioneta que aparece en colexios, vilas e países o Día do Libro... e informa que a auga é moi, moi importante:

*Tan importante... pode que máis cós pétalos para unha flor, máis aínda cás rodas para unha bicicleta, máis aínda cás espiñas para un peixe, máis aínda cás follas para unha árbore... máis aínda cás espiñas para un cacto... **Mesmo máis có máis importante para vós...***

Descubrir en contos e libros cuestións moi, moi importantes (10 min.)

O mestre ou mestra organiza a aula para que os alumnos e alumnas teñan acceso aos libros e contos nos que poderán atopar cousas moi, moi importantes para eles.

Representar unha función con “Nicoleta”. (15 min.)

O mestre organiza grupos para realizar unha función con Nicoleta. Cada grupo organiza as cousas importantes que achou... é moi, moi importante... Comezan a función dicindo:

“A auga é tan importante coma... o máis importante para nós é...” (e describen todo o importante que acharon nos contos...)

Decorar os marcapáxinas (10 min.)

Cada alumno reflicte nos marcapáxinas unha frase onde relaciona a importancia da auga co importante que destacaron (ex.: “A auga é tan importante coma a area para a montaña”) e asinan en prol do dereito a auga para todas as persoas, deixando as pegadas dos seus dedos nos marcapáxinas.



SUXERENCIAS

A mestra organiza o traballo en grupo segundo o espazo, o número de alumnos, a idade..., así coma o manexo e a representación con “Nicoleta”, que pode facerse en grupo ou de xeito individual. A actividade pode realizarse en dúas sesións, ou as que o docente considere precisas.

Conseguir realizar unha representación no centro de ensinanza con “Nicoleta” e que as nosas mensaxes chéguenlle á comunidade educativa pode ser moi interesante.

O mestre pode gravar en vídeo a función para que todos os grupos se vexan.

PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES

Que descubriches sobre a auga? Vistes o importante que é a auga, que fariades vós para preservala?



45 min.

“BOS INGREDIENTES”

9-12 anos

PROPOÑÉMOSTE

Que os alumnos realicen carteis con cadeas de ideas sobre os bos ingredientes que teñen os seus libros preferidos e o bo uso da auga. Os participantes crean frases que lle dan valor aos marcapáxinas en prol do dereito ao acceso á auga limpa e para iso mesturan “bos ingredientes”.

PRECISAS

- Cartolinas
- Papel continuo
- Rotuladores e/ou pinturas
- Marcapáxinas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Cadea de “ingredientes” sobre os libros. (15 min.)

Cada participante leva a clase un libro que lle gustase moito e revela que ingrediente ten o libro escollido... por que me gustou tanto?... Na aula, o mestre ou mestra emprega unha cartolina grande ou papel continuo para escribir entre todos unha cadea de “ideas-ingredientes” sobre por que nos gustan os libros. Cada participante engádelle un ingrediente ao mural e, unha vez finalizado, lense todos os ingredientes.


Cadea de “ingredientes” sobre o bo uso da auga. (5 min.)

Faise un breve intercambio de ideas sobre por que é tan importante a auga para termos unha vida digna, conforme cos dereitos humanos. Cada participante pensa nun “bo ingrediente” necesario para empregar a auga de xeito responsábel e sostíbel. Reflicten as ideas nunha “cadea-mural” e lenas todos xuntos.

Combinación de ingredientes para darlles valor aos marcapáxinas. (15 min.)

Cada participante escolle o “ingrediente” que lle gusta dos libros, combínoo co “ingrediente” que lle parece importante para un bo uso da auga e realiza unha mestura “sostíbel” (ex.: “O cativo que berra a verdade e se ducha sen malgastar”, “O indio valente que pecha a billa para lavar os dentes”).

Cada alumno ou alumna decora os marcapáxinas coa frase axeitada e as pegadas de cor que simbolizan o apoio ao dereito á auga para todas as persoas.



SUXERENCIAS

Se o estima preciso, o mestre ou mestra pode suxerir ingredientes para a cadea sobre o bo uso da auga: pechar a billa, aforrar auga, duchar sen malgastar auga, lavar sen desperdiciar auga, reducir o lixo, regar sen malgastar auga, reciclar todo o que se poida...

Do mesmo xeito, pódese finalizar a actividade cun mural de frases e pegadas a prol do dereito á auga.

PREGUNTA AO ACABAR

Que bos ingredientes consideras importantes para que se respecten os dereitos humanos?, como cres que se acadan?



60 min.

“HUMANOS QUE ESCOITAN A AUGA”

12-16 anos

PROPOÑÉMOSTE

Dar a coñecer o poema “Camiñante non hai camiño”, de Antonio Machado. Reflexionar sobre as pegadas que deixan as cousas, os sentimentos e as accións humanas e finalizar coa creación de poesías e marcapáxinas que reflectan emocións humanas polo dereito ao acceso a auga limpa por parte de todas as persoas.

PRECISAS

- Frases do poema de Antonio Machado ou da canción “Camiñante non hai camiño” de Joan Manuel Serrat
- Bolígrafos
- Follas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Ordenar o poema de Antonio Machado (10 min).

O mestre ou mestra realiza grupos de traballo e dálle a cada grupo frases desordenadas do poema “Camiñante non hai camiño”. Os grupos teñen 7 minutos para ordenar o poema e realizar a lectura.

Responder ás preguntas por grupos (10 min).

Os diferentes grupos terán uns minutos para debater sobre “as pegadas” que deixan as cousas, os sentimentos, as accións humanas e dar respostas breves e concisas ás seguintes preguntas: que pegada deixa o poema de Antonio Machado?, que pegada deixa unha aperta?, que pegada deixa un libro lido?, que pegada deixa a falta de auga?, que pegada deixan as cidades?, que pegada deixa o ser humano no mundo?

Realizar un poema en grupo (10 min).

Os grupos crean un poema que leva por título “Humanos que escoitan a auga”. O poema consiste en ter en conta o intercambiado sobre “as pegadas” e darlle resposta ás seguintes preguntas: que nos di a auga?, que suxire?, que expresa a auga?, que sente, que propón a auga?, que aprecia a auga?, que quixese...?

Posta en común de poemas e frases para os marcapáxinas (15 min).

Cada grupo le o seu poema e cada participante elixe unha frase para plasmar nos marcapáxinas coa que deixará a súa pegada e amosará o seu apoio en prol do dereito á auga no mundo.

SUXERENCIAS

Se os grupos non conseguisen ordenar o poema de Antonio Machado, a mestra ou mestre lerao de forma correcta ou porá a versión de Joan Manuel Serrat.

É importante controlar o tempo de traballo dos grupos para favorecer a participación e a creatividade.

Pódense reflectir os poemas creados nun mural e asinalos coas pegadas de apoio ao dereito á auga.

PREGUNTA PARA CANDO REMATEDES


Cada alumno ou alumna partilla co grupo a seguinte pregunta: “que pegada deixou en ti esta actividade?”



Camiñante non hai camiño

Camiñante, son as túas pegas
O camiño e máis nada;
Camiñante, non hai camiño
Faise camiño ao andar.
Ao andar faise camiño,
E ao volver a vista atrás
Vese a senda que endexamais
Se volverá a pisar.
Camiñante non hai camiño
Mais estrelas no mar.





Rega a vida de milleiros de cativos
e cativas en países coma Etiopía.

A C/C na que podeades ingresar
o recadado na actividade é:

Banco Santander

ES24 0049 1837 5829 1024 8925



Lembra indicar no concepto o nome do centro

Moitas grazas!

Marcapáxinas pola Solidariedade é unha proposta educativa que lles achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:



**TOURLINE
EXPRESS**



**SOBREVIVIR
APRENDER
ESTAR PROTEXIDO**



Save the Children